

ANTONIO YEBRA DE ARES PRESENTA EN MONTERROSO O SEU NOVO POEMARIO *OS SONS DA BRAÑA*



De esquerda a dereita: Alvarellos, Yebra, Antonio Gato e Díaz Escolante

O Centro Sociocultural da vila de Monterroso acolleu a presentación do libro *Os sons da braña* o novo poemario ilustrado do escritor, pintor e Cronista Oficial de Monterroso, Antonio Benito Yebra de Ares.

No acto participaron, ademais do autor, o alcalde de Monterroso, Antonio Gato Soengas, o psicopedagogo Díaz Escolante e o editor Henrique Alvarellos.

O autor definiu á súa vila natal como “alimento que me dá vida” e lembrou anécdotas, tempos e historias de épocas pretéritas.

O profesor Díaz Escolante recitou tres poemas do libro e louvou esta nova obra poética de Antonio Yebra.

O alcalde de Monterroso, Antonio Gato, agradeceu ao autor que dedicase un dos seus poemas a Monterroso e instoulle a facer unha exposición dos seus cadros na vila.



alvarellos

EDITORA

Finalmente o editor lembrou que *Os sons da braña* “é un traballo poético de verso libre pero fondamente apegado a un territorio concreto, amado e vital para o autor, Monterroso e toda a campiña luguesa”.

Ao remate do acto, organizado conxuntamente por Alvarellos Editora e o Concello de Monterroso, o autor firmou exemplares, durante case unha hora, aos asistentes.



O autor asina exemplares aos asistentes ao remate do acto



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52